



COPIA

PREGUNTA ORAL SOBRE A DOTACIÓN DE MOBILIARIO E A POSTA A DISPOSICIÓN DO CENTRO SOCIOCULTURAL DO ROMAÑO

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte PREGUNTA ORAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Goberno Local, en data 11 de decembro de 2015, acordou adxudicar o contrato de subministración de “equipamento de mobiliario para o novo Local Sociocultural do Romaño”, por un importe de 17.432 euros. O contrato, formalizado o día 30 de decembro de 2015, sinalaba que o equipamento debería ser colocado en 45 días, é dicir, debería estar instalado no centro en febreiro de 2016.

Ante unha pregunta deste Grupo municipal no Pleno do mes de maio, o Goberno asegurou que se lle deran 15 días á empresa para rematar as “pequenas obras” pendentes e que o centro abriría o día 1 de setembro de 2016.

Varios meses despois, o 23 de decembro de 2016, o alcalde no transcurso dunha rolda de prensa manifestou publicamente o seu “convencemento” de que o novo centro sociocultural do Romaño abriría as súas portas “antes da primavera”, posto que era preciso ter xustificadas os gastos desta infraestrutura financiada con fondos europeos antes do mes de marzo. O evidente atraso na apertura deste centro adxudicado en maio de 2014, con 10 meses de execución, era debido, segundo o propio alcalde, “a pequenas deficiencias” que impedían certificar arredor dun 4% das obras.

Atendendo a todo o anterior, o Grupo Municipal Popular formula a seguinte pregunta:

- ***Desde cando conta co equipamento colocado no seu interior o Centro Sociocultural do Romaño e que previsións manexa para a posta a disposición da cidadanía deste local?***

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2017

María Ángeles Antón Vilasánchez
Concelleira do Grupo Popular